

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

1. Busca no texto os nomes de profesións que aparecen e indica os sufixos que as forman.

O meu avó andaba preocupado porque a nosa vaca non daba leite e o veterinario non atinaba coa solución. Non deixaba de dicir: «Que podo facer?». Así que decidiu chamar a Xan (o taxista da aldea) para ir visita ao veterinario de Carballo. Cando chegou á consulta o recepcionista díxolle que don Martín, o veterinario, non estaba porque tivera que ir á casa do farmacéutico a atender o parto da súa cadela. O avó decidiu agardar por el. Que remedio!, a vaca era importante para a economía da familia.

2. Rodea os interrogativos, subliña os exclamativos e indica se funcionan como pronomes ou determinantes.

- Que prefires para cear: leite con galletas ou unha ensalada?
- Canta xente había na festa de Marcos!
- Quen esqueceu o libro nesa mesa?
- Como berra o bebé da Susana!

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

3. Forma nomes de profesións a partir destas palabras e indica o sufixo que as forman.

| | | | |
|------------|----------|-------|---------|
| ferro | flor | tenda | xardín |
| libro | conducir | piano | debuxo |
| biblioteca | varrer | xoia | oficina |

4. Relaciona.

| | |
|-----------------|---|
| Punto e seguido | Indica final dun texto. |
| Punto e á parte | Separa parágrafo relacionados. |
| Punto e final | Separa oracións relacionadas co mesmo tema. |

5. Indica a función das parénteses nas seguintes oracións.

- Cando naceu miña nai (1966) o home aínda non chegara á Lúa.
- O NENO (*mirando pola fiestra*): mamá, hai alguén no xardín!
- O presidente da UE (Unión Europea) está de visita na cidade.
- Os habitantes de Teis (Vigo) organizaron un festival benéfico.

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

6. Coloca as comiñas onde corresponda.

- Pasamos unha vacacións fantásticas, todo o día metidos na casa.
- O meu avó chámame petit enfant.
- Sempre lembrarei á Ana dicindo: rapaces todo depende de vós.
- Onte limos o poema de Rosalía Negra sombra.
- Hoxe na clase de inglés fixemos un listening.

7. Responde.

- Que é un diario persoal? _____

- Escribe tres das súas características ?

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

8. Indica que oracións poderían formar parte do desenlace dunha narración.

- Xa na casa, os rapaces lembraron todo o vivido durante o día.
- A ovella, ao escoitar o ruído, saíu correndo monte abaixo.
- O barco estaba case no peirao, pero os nenos non atopaban aos seus pais.
- A aventura rematou, pero seguro que pronto comezará outra nova.

9. Escribe catro preguntas que poidan formar parte dunha enquisa sobre o uso de Internet.

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: ____ Data: _____

10. Completa.

Ao remate da _____ boa parte dos
_____ víronse obrigados a viaxar cara a
_____. Alí comezaron a
_____ cos
que reivindicar _____. O escritor máis
importante foi _____ . Tamén destacan:

_____.